



**Nº Expediente:** 2016/C005/000002

**Asunto:** Contratación de ALUMADO PASEO FLUVIAL E PARQUE SAGRADO CORAZÓN

### **MESA DE CONTRATACIÓN (4)**

ACTA DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA OFERTA DUNHA EMPRESA QUE PODE CONSIDERARSE CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS; E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO:

**Obra/Subministro:** ALUMADO PASEO FLUVIAL E PARQUE SAGRADO CORAZÓN

**Importe de licitación:** 55.081,46 euros e 11.567,11 euros de IVE (66.648,57 € IVE incluído)

### **ASISTENTES**

**PRESIDENTE:**

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

**VOGAIS:**

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

**SECRETARIA:**

Dona M<sup>a</sup> Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 12:00 horas do mércores 25 de xaneiro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á valoración da documentación xustificativa da oferta presentada pola empresa S3 SYSTEMS & SOLUTIONS, S.L. e elevar unha proposta de adxudicación ao órgano de contratación para adxudicar o subministro anteriormente citado.

A empresa presentou en forma e prazo documentación xustificativa da súa oferta:

- S3 SYSTEMS & SOLUTIONS, S.L. (R.E. 366 de 24.01.2017)

Consta no expediente o informe técnico emitido polo enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Mallo Puga (ÁTOMO ESTUDIO TÉCNICO, S.L.) con data 24.01.2017, no cal consta:

"(...)

*Analizamos según o punto 14.5.3 do Prego de cláusulas administrativas e a documentación que me presentan no concello, según cada punto, por parte da empresa S3 SYSTEMS & SOLUTIONS S.L.:*

*1.- Aparecenos unha factura proforma de un almacén de material eléctrico. Consideramos que non é unha carta de compromiso adecuada xa que non presenta nin siquiera a vixencia de esa oferta nin a totalidade das luminarias. So temos ofertas en proforma das luminarias e as columnas, faltarían os resto de materiais.*

*2.- No volumen da obra non se xustifica a relación entre as obras contratadas ou en execución e os medios personales e materiais que dispón e determinar cómo incide esta relación nos precios ofertados.*



3.- Non se xustifica tampouco a relación entre os custes laboráis fixos e o volumen da obra contratada.

Non obstante, sometido este informe a opinións mellor fundadas, por parte do técnico que suscribe, considérase que non se xustifica axeitadamente a oferta presentada por S3 SYSTEMS & SOLUTIONS S.L.”

Polo tanto, a Mesa acorda:

1.- Aprobar o informe técnico redactado por D. Jesús Mallo Puga con data 24.01.2017, coa salvidade do citado no seu apartado primeiro, no relativo á vixencia da oferta.

2.- Rexeitar a xustificación da oferta presentada pola empresa S3 SYSTEMS & SOLUTIONS, S.L., motivado en que non se axusta expresamente ao disposto no Prego de cláusulas administrativas; e polo tanto excluír a esta empresa da presente licitación.

3.- Recalculas as puntuacións das ofertas presentadas, unha vez excluída a empresa S3 SYSTEMS & SOLUTIONS, S.L., quedando do seguinte xeito:

EMPRESA	PUNT. TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	INCREMENTO PRAZO DE GARANTÍA (ANOS)	PUNTUACIÓN POR INCREMENTO PRAZO DE GARANTÍA	TOTAL
HALLMANN ENERGIE, S.L.	32	41.700,00	16,55	8	10	58,55
TÉCNICAS ENERXÉTICAS INTEGRALES DE GALICIA	15	42.207,07	15,92	8	10	40,92
ELECTRICIDD PERMUY, S.L.	21	37.400,00	21,32	8	10	52,32
LUMILED, S.L.	2	46.268,04	10,90	8	10	22,90
NARIGA, S.L.	21	44.000,00	13,70	8	10	44,70
NARONTEC, S.L.	21	34.000,00	25,00	8	10	56,00

4.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato “ALUMADO PASEO FLUVIAL E PARQUE SAGRADO CORAZÓN” á seguinte empresa, por ofrecer a oferta no seu conxunto máis vantaxosa:

**Empresa: HALLMANN ENERGIE, S.L.**

**Prezo: 41.700,00 euros e 8.757,00 euros de IVE, cun total de 50.457,00 euros**

**Prazo de garantía: 10 anos**

4.- Reunirse de novo para cualificar a documentación que deberá presentar este licitador, de acordo co previsto no Prego-tipo de cláusulas administrativas; unha vez requirido polo órgano de contratación, con carácter previo á adxudicación.

5.- Publicar na páxina web do Concello de Cedeira a presente acta; así como o requirimento da Alcaldía de presentación da documentación necesaria para continuar coa adxudicación, por parte da empresa proposta.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 12:30 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.

acceso personalizado - solicitud de acceso - correo web

Inicio &gt; Contratación

## PROGRAMA DE VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS EN CONTRATOS E CONCURSOS

Manual de usuario [PDF] | Fórmula [PDF]



Convenio de Investigación da  
Deputación da Coruña co  
Departamento de Matemática  
Aplicada da Universidade de  
Santiago de Compostela - Ano 2010

A nova versión do Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Exportar datos

Examinar...

No se ha seleccionado ningún archivo.

Recuperar datos

Paso 1

Paso 2

Paso 3

Paso 4

### Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Na seguinte táboa aparecen as valoracións das ofertas. Resáltase en cor verde a(s) oferta(s) mellor valorada(s) e en cor vermella as ofertas temerarias. Para imprimir correctamente os resultados, configure previamente unha páxina horizontal.

#### Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso

##### Alumado Paseo Fluvial e Parque Sagrado Corazón

Prezo de Licitación		Puntuación Máxima	Oferta Media	Oferta Media (excl. ofertas extremas)		Limite Oferta Temeraria		
55,081.46 €		25 puntos	40,929.19 €	38,826.77 €		36,237.02 €		
Nº Empresa	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Media	Total
1	Hallman Energie SL	41,700.00	24.29	42.00	16.55	Non	Non	58.55
2	Técnicas Enerxéticas Integrales de Galicia	42,207.07	23.37	25.00	15.92	Non	Non	40.92
3	Electricidad Permuy SL	37,400.00	32.10	31.00	21.32	Non	Non	52.32
4	Lumiled SL	46,268.04	16.00	12.00	10.90	Non	Si	22.90
5	Nariga SL	44,000.00	20.12	31.00	13.70	Non	Si	44.70
6	Narontec SL	34,000.00	38.27	31.00	25.00	Si	Non	56.00

Imprimir